



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

PLAN DE CONVIVENCIA

IES AS TELLEIRAS 19-20

Última revisión: abril de 2016

ÍNDICE

PREÁMBULO.....	4
1.- OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	6
1.1. OBXECTIVOS XERAIS.....	6
1.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	7
2.- ÓRGANOS.....	10
2.1. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	10
2.2. XUNTA DE TITORES/AS.....	11
2.3. XUNTA DE DELEGADOS/AS.....	12
2.4. COMISIÓN DE COEDUCACIÓN.....	13
3.- NORMAS DE CONVIVENCIA.....	15
3.1. Implantación de normas de actuación conxunta.....	15
3.2. As normas de aula.....	17
3.3. Normas de convivencia.....	18
3.4. Normas uso aulas TIC e ABALAR.....	22
4.- ACTIVIDADES.....	23
4.1. Análise da situación previa do alumnado dos centros adscritos.....	23
4.2. Elaboración de novo material na Xunta de Tutores/as.....	24
4.3. Actualización, análise e propostas de actuación ante a problemática do centro.....	24
4.3.1. Campaña de sensibilización.....	25
4.3.2. Protocolo de actuación fronte aos conflitos na aula.....	25
4.3.3. Incremento de vixilancia.....	26
4.3.4. Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar.....	26
FASES DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.....	26
Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.....	26
Segunda fase. Recollida de información. REXISTRO.....	27
Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas.....	27
4.4. Elección e formación de Delegados e Delegadas.....	28
4.5. Mediación.....	28
4.5.1. Obxectivos xerais:.....	28
4.5.2. Contidos básicos:.....	29
4.5.3. Actividades:.....	30
4.5.4. Metodoloxía e recursos:.....	30
5.- NOF.....	31



6.- CONTROL E PREVENCIÓN DE PROBLEMAS DE CONVIVENCIA (PR750105).....31

7.- ACOLLIDA.....31

 7.1. Acollida do alumnado (PR750102).....31

 7.2. Acollida das familias.....31

8.- MEDIDAS CORRECTIVAS.....32

9.- AULA DE CONVIVENCIA.....35

 9.1. OBXECTIVOS DA AULA.....35

 9.2. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN.....36

10.- ADMISIÓN.....37

11.- DIFUSIÓN, SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....37

12.- DOCUMENTOS.....39

PREÁMBULO

O Plan de Convivencia é un documento que pretende concretar a organización e o funcionamento do centro en relación coa convivencia, fixando obxectivos e actuacións concretas co fin de propiciar as condicións necesarias para mellorar a formación académica e o desenvolvemento persoal do alumnado xunto coa eficacia do noso labor educativo. Pretende ou debe promover e poñer en valor comportamentos que se baseen en:

- a) O fomento das relacións entre alumnado, familias e o persoal do centro.
- b) A convivencia pacífica e solidaria.
- c) A igualdade de oportunidades e a cooperación.
- d) O razoamento e a equidade no tratamento dos conflitos.
- e) A resolución dos conflitos mediante un diálogo asertivo.
- f) A comunicación rápida e transparente dos acordos ás partes afectadas e ós demais membros da comunidade educativa

A filosofía de xestión da convivencia no IES As Telleiras enmárcase dentro dun modelo integrado da mesma. Toda a comunidade educativa, e de forma especial a Comisión de Convivencia e a Dirección do centro, priorizará a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos sobre a función punitiva máis tradicional. Entendemos que todo o colectivo debe coñecer, e asumir, o modelo de xestión da convivencia elixido polo centro, polo que deberá estar informado polos diferentes sectores implicados, de forma especial pola Xunta de Tutores/as e a Comisión de Convivencia, das habilidades, estratexias e recursos para actuar ante os diferentes tipos de conflitos.

O modelo de convivencia elixido no centro debe favorecer a madureza, a autonomía moral do alumnado e as relacións de convivencia positiva, servir de preparación para a vida social adulta, asumir e practicar valores cívicos e democráticos, mellorar o clima escolar, mellorar as relacións entre os distintos sectores da comunidade educativa e atender á diversidade. En adición ao anterior, o modelo de convivencia no IES As Telleiras deberá enmarcarse na Misión, Visión e Valores que o centro postula como propios e que se recollen na documentación de calidade e no NOF (Normas de Organización e Funcionamento) deste plan.

O Concello de Narón, tras uns anos de rápido incremento de poboación, acadou unha alta densidade demográfica e unha poboación que supera os 40000 habitantes no 2015, o que o converte no 8º núcleo de poboación galego. O IES As Telleiras é un centro de ensinanza de carácter público creado no ano 1985 e o seu alumnado ten unha procedencia heteroxénea reflexo do concello onde se atopa. O feito de que o centro se atope situado lonxe do “centro” urbano de Narón, inflúe negativamente na participación na vida do centro por parte do alumnado, pois sempre será preciso que sexan transportados polas súas familias se queren participar nalgunha actividade que se faga pola tarde. En canto á participación das familias, a súa resposta é razoablemente boa cando se lles convoca ás diferentes xuntanzas, pero o grao de



implicación pode mellorar moito este curso coa posta en marcha de novo do ANPA, disolta no curso 2011-2012.

Dende a implantación da LOXSE no IES As Telleiras vense facendo unha análise exhaustiva dos problemas de convivencia dispoñéndose de información diaria dos incidentes ocorridos dende o curso 2000-2001 ata a actualidade. Do estudo dos mesmos conclúese ano tras ano que predominan os seguintes problemas: interrupcións continuadas durante as clases, non seguir as instrucións do profesorado, violencia verbal, empurróns e contestacións inadecuadas. Nos últimos cursos constatouse un aumento considerable das actitudes disruptivas en determinadas clases así como un incremento de material do centro estragado por falta de coidado no seu uso; todo iso atribuíble fundamentalmente ao elevado número de alumnos/as por aula, á falta de formación específica do profesorado no trato co alumnado en aspectos non académicos e o difícil control dos espazos comúns entre clase e clase e nos tempos de lecer. Sempre que as necesidades do centro o permiten, estase a incrementar o número de profesorado que fai gardas nos tempos de lecer.

Por outra banda, en aplicación da Orde 23 de xuño de 2011, están a realizarse as gardas do alumnado transportado á entrada e saída do centro, polo que diminuíron considerablemente os problemas de convivencia que nestes períodos se viñan sucedendo. Engadir que o noso centro está ben dotado no que respecta ás Tecnoloxías de Información e Comunicación e dado que participamos no Proxecto Abalar, cómpre establecer unhas normas de bo uso destas ferramentas.

1.- OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

1.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias clave, particularmente das competencias sociais e cívicas e a competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia dos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.
- Promover a sensibilización, a implicación e o compromiso do profesorado, do alumnado e de toda a comunidade educativa nos valores educativos sociais e culturais que determinen un profundo interese pola mellora da convivencia e a cultura da paz.
- Potenciar a consideración do centro educativo como un espazo onde debe xestionarse a convivencia.
- Fomentar a participación e implicación dos axentes da comunidade educativa nas iniciativas para a mellora da convivencia, xerando espazos de coordinación e colaboración entre profesionais das distintas redes que actúan nun mesmo centro.
- Mellorar o clima de convivencia entre os integrantes da comunidade.

- Adquirir habilidades sociais, comunicativas, etc., para a resolución de conflitos de forma pacífica.
- Fomentar o diálogo como capacidade de interacción coas persoas.
- Proporcionar ao profesorado recursos e estratexias para xestionar os conflitos de forma democrática.
- Facilitar o intercambio e a difusión de materiais e experiencias de convivencia
- Fomentar o desenvolvemento de relacións sociais e afectivas non violentas.
- Ensinar a rexeitar calquera manifestación violenta e discriminatoria.
- Establecer sistemas de resolución pacífica de conflitos.
- Elaborar, entre todos e todas, un conxunto de normas de convivencia así como as consecuencias derivadas do seu incumprimento respondendo a un modelo de xustiza restitutoria.

1.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Efectuar cada curso un diagnóstico preciso da realidade escolar no ámbito da convivencia para establecer as necesidades e facer propostas de mellora.

- Mellorar o grao de aceptación e de cumprimento das normas do centro así como os bos modais e os hábitos sociais que rexen as relacións interpersoais. O alumnado deberá aprender a:

- Cumprir as normas de convivencia con responsabilidade, respecto e consideración aos demais.
- Non facer aos demais o que non nos gusta que nos fagan a nós.
- Saber rectificar cando a conduta se aparta das normas e valores establecidos.
- Presentarse e saudar con corrección e falar con educación.
- Utilizar unha expresión verbal correcta, evitar groserías, berros, palabrotas, etc.
- Utilizar as fórmulas de cortesía NO TRATO COS DEMAIS.

- Mellorar a coordinación do profesorado na esixencia en canto ao cumprimento das normas de convivencia.

- Dar a coñecer as normas xerais de funcionamento do centro.
- Potenciar o intercambio de información entre titor/a e profesorado do grupo.
- Establecer unhas normas de aula ao comezo do curso como modo de xestión de aula máis efectivo para previr e resolver situacións conflitivas entre profesorado e alumnado.

- Mellorar o ambiente de traballo: puntualidade, coidado, limpeza e orde nas aulas.

- Ser responsable no uso e conservación das instalacións escolares así como dos diferentes espazos do centro.
- Promover, favorecer, potenciar un clima de afectividade, respecto, colaboración e axuda mutua.
- Contribuír á construción dun ambiente agradable que facilite a convivencia e o traballo.
- Evitar na relación cos demais actitudes tanto de dominio(desprezo) coma de submisión .
- Respetar as normas e regras establecidas no grupo-clase.
- Gozar da compañía e amizade dos/das compañeiros/as e amigos/as.

- Potenciar un ambiente de traballo en equipo, fomentando actividades grupais que axuden á integración de todo o alumnado no centro e a súa satisfacción co mesmo.

- Valorar a diversidade das persoas (pobos, culturas) como un feito enriquecedor.
- Aceptar a igualdade de todos/as rexeitando todo tipo de discriminación persoal, social, de xénero...
- Respetar as ideas, crenzas e puntos de vista dos/das outros/as.
- Asumir sempre actitudes pluralistas e tolerantes.
- Evitar e rexeitar condutas, expresións e actitudes discriminatorias en contra da muller.
- Ser responsables no cumprimento das normas establecidas e na realización das tarefas asignadas dentro do grupo.
- Ter unha actitude de apertura e flexibilidade diante dos puntos de vista e as aportacións dos demais.

- Potenciar a acción titorial a través de actividades de convivencia e recursos aportados polo departamento de orientación. Referidos sobre todo á resolución de conflitos.

- Resolver os conflitos, tensións e discrepancias de forma non violenta.
- Aprender técnicas e estratexias para resolver os conflitos a través da mediación.
- Favorecer a escoita activa, a toma de decisións por consenso e o diálogo para resolver os conflitos.
- Aprender a dialogar: aceptando que ninguén posúe toda a verdade, que todos e todas saben algo dela e que hai que estar abertos/as á verdade doutros/as.

- escoitar o/a outro/a prestando atención.
 - Interpretar ben o/a interlocutor/a, non tomando as cousas ao pé da letra senón segundo a intención ou o sentido do/da que fala.
 - Evitar, ao dialogar, toda forma de sarcasmo e ironía, malicia, enganos, así coma berros e expresións despectivas.
 - Aceptar as decisións que adopte a maioría do grupo, aínda que un/unha pense que é mellor o seu punto de vista.
- Poñer en práctica nas relacións cos demais o respecto mutuo e o principio de reciprocidade :
- Non fagas comigo o que non desexas que eu faga contigo.
 - Non me fales como non queres que eu che fale mal.
 - Non me trates como non queres que eu te trate.
 - Respéctame se queres que eu te respecte.
 - Aténdeme se queres que eu te atenda.
- Mellorar a atención á diversidade e á orientación académica, a fin de combater actitudes negligentes ou pasivas e o abandono escolar.
- Coñecer e utilizar diferentes estratexias organizativas e metodolóxicas que permitan desenvolver o traballo diario cun clima de convivencia axeitado .
 - Utilizar diversas estratexias de avaliación .
 - Promover o éxito, recoñecer as boas accións.
 - Recurso de control: "Axenda" do/da alumno/a, para controlar o traballo e para transmitir información aos pais cun "recibín".
 - Facer un contrato (alumno/a - profesor/a) no que se especifiquen traballos a realizar e/ou condutas a modificar e revisalo, como mínimo, semanalmente.
- Promover a participación do profesorado en cursos de formación relacionados coa xestión da convivencia escolar.

2.- ÓRGANOS

2.1. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Art. 1.- Finalidade.

Créase no seo do Consello Escolar do IES As Telleiras unha Comisión de Convivencia. Ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no decreto 8/2015, do correcto exercicio dos dereitos e deberes do alumnado, así como as relacións entre os diferentes sectores da comunidade educativa, no Plan de Convivencia e nas normas de convivencia do centro .

Art. 2.- Composición.

A Comisión de Convivencia, que será revisada anualmente na primeira xuntanza do curso do Consello Escolar , estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos , todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no Consello Escolar. Será presidida pola persoa titular da Dirección do centro, e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde ao director ou directora por proposta dos colectivos representados. Os membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

Art. 3.-Atribución

1.- Elaborar o Plan de Convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

1.- Recibir información, cando menos trimestral, da persoa titular da Dirección do centro, do número e tipoloxía de incidencias ocorridas por ciclo e curso ao longo do trimestre.

2.- Adoptar, a partir da información recibida, as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

3.- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

4.- Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das accións desenvolvidas e das medidas disciplinarias impostas.

5.- No caso de faltas tipificadas como graves ou moi graves no NOF ou, no seu defecto, na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no decreto 8/2015, do 27 de xaneiro, que desenvolve a citada lei, susceptibles da

instrución dun procedemento corrector, a dirección do centro poderá solicitar asesoramento á Comisión de Convivencia, quen poderá propoñer solucións previas.

6.- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade do centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia e se sinalen, a partir da mesma, os obxectivos de mellora para o curso seguinte.

7.- Propor, de ser o caso, á persoa titular da Dirección do centro, persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

8.- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ó Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

9.- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos polo centro.

10.- Aqueloutras que lle fosen encomendadas polo Consello Escolar do centro ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

2.2. XUNTA DE TITORES/AS

Constitúese a Xunta de Titores/as, formada polo profesorado titor da ESO segundo os seguintes criterios:

1. Os titores e titoras de ESO son, preferentemente, profesorado con destino definitivo.
2. A hora de reunión da xunta de titores/as é no horario de mañá e ten consideración de hora lectiva.
3. A Xunta compóñena os titores/as, a orientador/a, a profesor/a de pedagogía terapéutica o/a director/a e o/a xefe/a de estudos.
4. Nas reunións, salvo situacións excepcionais, analízanse problemas xerais e non situacións concretas.
5. Todos os grupos de cada curso, con certa flexibilidade, seguen o mesmo currículo de acción tutorial.

Na Xunta de titores/as realízanse as seguintes funcións:

1. Transmítense coñecementos e habilidades aos novos/as titores/as.
2. Prepárase conxuntamente a sesión de tutoría presencial.

3. Reflexiona conxunta e responsablemente sobre os problemas de convivencia.
4. Transmite a reflexión ao resto do profesorado.
5. Faise unha avaliación cualitativa, baseada na evidencia, dentro dun proceso de mellora continua.

O esquema xeral do funcionamento da xunta de titoras e titores é o seguinte:

1. Avisos e comunicados.
 - Dirección e xefatura
 - Departamento de orientación.
 - Departamento de actividades extraescolares.
2. Análise da sesión anterior.
3. Proposta de novas actividades.
4. Presentación da actividade de titoría presencial da semana actual.

2.3. XUNTA DE DELEGADOS/AS

De conformidade co Regulamento Orgánico de Centros (Decreto 324/1996 de 26 de xullo) nos institutos de educación secundaria existirá unha Xunta de Delegados/as integrada polas persoas que representan ao alumnado en cada aula e polas que representan ao alumnado no Consello Escolar. A Xunta de Delegados/as estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes.

En adición ás competencias que á Xunta de Delegados/as e ao seu presidente ou presidenta lle atribúe o ROC, no IES As Telleiras engade a seguinte:

- A Xunta de Delegados/as poderá reunirse polo menos dúas veces no curso en horario lectivo.

2.4. COMISIÓN DE COEDUCACIÓN

Créase no seo do Consello Escolar do IES As Telleiras unha Comisión de Coeducación, como órgano encargado de velar polo principio de igualdade entre homes e mulleres. Para conseguilo se desenvolverá unha programación de coeducación cos seguintes obxectivos:

1. Favorecer que as alumnas e alumnos poidan expresar as súas formas singulares, orixinais, diversas, de ser muller e home dun xeito pacífico.
2. Ensinar a relacionarse dende o recoñecemento mutuo, o respecto e a responsabilidade.
3. Erradicar os estereotipos sexistas que impiden o pleno desenvolvemento intelectual, emocional, físico e social das alumnas e alumnos.
4. Garantir os mesmos dereitos e oportunidades para as alumnas e alumnos, atendendo a súa realidade e as necesidades específicas.
5. Incorporar o coñecemento, os saberes, intereses e experiencias das mulleres ao currículo e á práctica educativa.
6. Preparar a alumnas e alumnos para ter unha actitude crítica e rebelarse ante aquelas mensaxes e situacións que discriminan as mulleres en calquera medio de comunicación, novas tecnoloxías ou ambiente socio-laboral.
7. Garantir que o centro educativo sexa un espazo de paz, cordialidade e benestar onde as alumnas e alumnos participen sen temor, e denunciem a violencia ou a discriminación sexista, racial ou homófoba.
8. Axudar a tomar decisións sobre o futuro persoal e profesional en función das aptitudes e expectativas, con seguridade sobre os dereitos e sen que estean condicionadas por estereotipos sexistas.
9. As actividades de coeducación, aínda que son xestionadas dende as titorías da ESO, nalgúns temas concretos (Día Internacional da Muller, 25 de novembro Día internacional contra da Violencia de xénero,...) tratarán de implicar a todo o alumnado.

2.4.1 . ACTIVIDADES REFERIDAS A COEDUCACIÓN E IGUALDADE.

Para iniciar este longo camiño de loita pola igualdade entre os xéneros e de coeducar no ámbito escolar tentaremos expoñer algunhas das actividades que se poñerán en práctica no centro ao longo do presente curso e seguirán desenvolvéndose en posteriores.

Durante o **primeiro trimestre** faranse as seguintes actividades:

- ✓ Celebración do día 25 de Novembro, ***Día Internacional contra a Violencia de Xénero*** :
 - Nas titorías presenciais en 1º e 2º da ESO traballarase a unidade titulada: **“Loitando pola igualdade no IES As Telleiras”**.
 - En 3º da ESO farase unha análise de diferentes textos que ofrecen testemuñas de diversos tipos de violencia cara ás mulleres.
 - En 4º da ESO verase a película **“Te doy mis ojos”** . Trátase de: clarificar e evitar a confusión da idea do amor con cuestións coma o poder, a

dependencia, a falta de autonomía que se produce en determinadas relacións. Visualizar como o maltrato pode darse de diversas formas e non só, nin exclusivamente, a través da violencia física. Analizar as formas de xustificación que levan a algúns homes a exercer a violencia en contra das súas parellas. Entender por que una parte importante das vítimas de violencia de xénero continúa coas súas parellas despois dos primeiros episodios de maltrato.

- De forma colectiva para todo o alumnado, o día 25 de novembro, coincidindo coa Hora de Ler, lerase en todas as aulas do instituto en voz alta textos relacionados con este tema. Con posterioridade á lectura pode xurdir un debate e distintas reflexións sobre o tema.
- Así mesmo, nas sesións presenciais de teoría realízanse diversas actividades, dependendo do nivel (vídeos, cancións, obras de teatro, debates...etc).

Para o **segundo trimestre** programáronse as seguintes actividades:

- ✓ Para 1º da ESO farase un **“Obradoiro de Igualdade e corresponsabilidade”**. Esta actividade levarase a cabo no instituto en colaboración co Concello de Narón.
- ✓ En 2º da ESO o alumnado verá a película **“Quiero ser como Beckham”** e posteriormente traballará unha unidade didáctica de reflexión. Trátase de fomentar unha actitude crítica con algunhas actitudes sexistas que vemos na película e que existen na nosa sociedade. Evitar actitudes de discriminación segundo a condición sexual das persoas. Mellorar as relacións entre compañeiras e compañeiros.
- ✓ En 3º da ESO verase a película **“Billy Elliot”** coa posterior reflexión da mesma utilizando para isto a unidade didáctica elaborada pola coordinadora de Titoras/es. Con esta película pretendemos que o alumnado valore e respecte a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles, rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, fortalecer as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- ✓ Para 4º da ESO no referido aos estereotipos dos roles de xénero verase a película **“La boda de Muriel”**. Trátase de analizar as características do que é

considerado feminino e do modelo de vida que socialmente se impón ás mulleres.

- ✓ Para 4º da ESO traballarase a película **“Las mujeres de verdad tienen curvas”**. O alumnado disporá de dúas unidades didácticas para traballar algúns temas que xorden co gallo de ver a película: a necesidade de valorarse como muller, a necesidade de ser independente como muller, as primeiras relacións sexuais, o traballo das mulleres costureiras en Hispanoamérica, o canon de beleza feminina, etc. Estas unidades foron elaboradas pola coordinadora de Titoras/es.
- ✓ Para todos os cursos da ESO e Bacharelato celebrarase o **Día 8 de marzo: Día Internacional da Muller**. Como en cursos anteriores, farase unha exposición, no corredor principal, sobre mulleres importantes en distintos ámbitos laborais, artísticos, deportivos, das que non se ten coñecemento. Así mesmo, aparecerán mulleres destacadas na actualidade polo labor que están a desempeñar nos seus diferentes campos de traballo.

Durante todo o curso:


- ✓ Nas sesións de titoría presenciais poderían ofrecerse obradoiros de convivencia e habilidades sociais ofertadas polo concello e/ou outras institucións.

3.- NORMAS DE CONVIVENCIA

3.1. Implantación de normas de actuación conxunta.

No seu momento, o Observatorio da Convivencia do IES As Telleiras considerou oportuno recoller unha serie de normas mínimas que todo o profesorado debería intentar aplicar na súa relación cos alumnos e as alumnas. Trátase de normas moi elementais que se recollen na figura I.

FIGURA I



3.2. As normas de aula

Dentro das actividades de titoría presencial nos cursos da ESO realizase a actividade titulada: **NORMAS... QUE NORMAS QUEREMOS! e AQUÍ MANDO EU!**

Trátase de que o alumnado elabore, de xeito democrático, para a súa aula unhas normas básicas, realistas e eficaces de xestión da convivencia. Así mesmo terán que elaborar as correspondentes consecuencias de incumprimento das normas.

As normas farán referencia ás seguintes categorías:

- α) *De movemento*: inicio e final da clase, ir ao aseo, facer ruídos, levantarse constantemente, posturas incorrectas, etc
- β) *De conservación e uso da aula*: establecer o uso de diversas zonas da aula, estado de limpeza do mobiliario e das paredes, conservación e responsabilidade do uso de materiais, etc
- χ) *De intervención* en diálogos e participación e concentración no traballo escolar. Respetar quendas, contestar adecuadamente, non interromper, falar cun ton axeitado, respectar aos demais.
- δ) *De traballo*: realización das actividades, de actitude ante o traballo, de participación, entrega de traballo en prazos, etc.
- ε) *De respecto aos demais*: de aceptación das diferenzas, de respecto ao profesorado, de comportamento cos demais, etc.
- φ) *De hixiene persoal*: delimitación dun conxunto de hábitos e pautas de hixiene persoal.

Polo que se refire ás consecuencias debemos ter en conta, para establecelas, os seguintes criterios:

- Deben ser realistas e gardar proporción coa gravidade da falta cometida.
- Deben ser eficaces á hora de corrixir o comportamento inadecuado.
- Deben gardar relación lóxica, ser proporcionadas ao tipo de falta.
- Non poden ir en contra dos dereitos fundamentais.
- Cada norma pode levar asociadas unha ou máis sancións graduadas, en función da magnitude do dano causado ou considerando unha posible reincidencia.

Unha vez creadas as normas e as respectivas consecuencias, o seguinte paso será escribilas nunha cartolina e colocalas no taboleiro de cortiza na aula para que todo o alumnado e todo o profesorado do grupo as coñezan e as cumpran. Continúase coa aplicación e a posible revisión ou reaxuste das que se incumpren con maior frecuencia, así como os/as alumnos/as que as incumpren.

3.3. Normas de convivencia

No IES as Telleiras darase prioridade á resolución pacífica de conflitos e á prevención dos mesmos. Para conseguilo o Departamento de Orientación e os/as titores/as da ESO formarán ao alumnado nas técnicas axeitadas para evitalos ou resolvelos.

- Todos os/as profesores/as responsabilízanse do cumprimento das normas de convivencia do centro.
- O alumnado debe seguir en todo momento as instrucións do profesorado e do persoal de administración e servizos. É obriga do alumnado identificarse cando llo soliciten, ou entregar calquera obxecto que se lle requira, tanto polo profesorado como polo persoal de administración e servizos.
- Co fin de protexer o dereito á propia imaxe, no centro non está permitida a utilización de ningunha tecnoloxía para recoller imaxes de membros da comunidade educativa sen o seu consentimento expreso.
- Co fin de evitar interrupcións inoportunas durante a impartición das clases, reunións da comunidade educativa (claustros, avaliacións, Consello Escolar,...etc) os móbiles deberán estar apagados ou en modo silencio ou reunión.
- Todos e todas debemos transitar polos corredores e as aulas sen correr nin molestar.
- No recinto do instituto evitárase todo tipo de actuacións que resulten molestas para a normal realización das actividades académicas, ou aquelas outras que poidan ser perigosas para a integridade física das persoas ou poidan causar estragos en instalacións, xardíns, vehículos, etc.
- Se un alumno ou alumna impide o desenvolvemento dunha clase, o profesor ou profesora poderá tomar a decisión de facelo ou facela comparecer ante o Xefe ou Xefa de Estudos. Procederáse do seguinte xeito:
 - a. Presentarase perante a persoa encargada da conserxería, quen o comunicará ao profesorado de garda ou, no seu defecto, á persoa directiva de garda.
 - b. O profesorado de garda fará constar no libro de gardas o nome, curso así como a hora na que foi enviada a Xefatura.
 - c. O profesor ou profesora que envía un alumno ou alumna a Xefatura de Estudos presentará, no menor tempo posible, ante Xefatura de Estudos, o parte de incidencias e comprobará, no libro de gardas, que o/a alumno/a se presentou perante do profesorado de garda. O profesor ou profesora, tras falar coa persoa titora e co Xefe/a de Estudos, porá en coñecemento dos pais, nais ou titores legais os incidentes.
- Se o comportamento contrario ás normas de convivencia ten lugar fóra das aulas ou nas mesmas en ausencia do profesor ou profesora do grupo, calquera persoal responsable do centro, actuará conforme o punto anterior.
- O alumnado ten dereito a reunirse no centro. Para iso solicitará permiso razoado ao director /a cunha antelación de 48 horas.

- O alumnado está representado por delegados/as de grupo, así como polos seus representantes no Consello Escolar. Todos eles constitúen a Xunta de Delegados. Ao comezo do curso elixíranse os delegados e o presidente/a de dita Xunta.
- Poderán existir asociacións de nais e pais de alumnos e alumnas cos dereitos recollidos na lei.
- Poderán existir asociacións de alumnos e alumnas cos dereitos recollidos en lei.
- Para recoller o parecer de calquera membro da comunidade educativa, existe unha caixa de queixas, suxestións e reclamacións.

O IES As Telleiras deberá proporcionar ao alumnado unha educación para a igualdade entre mulleres e homes. Non se permitirá ningún comportamento sexista.

En aplicación do disposto no artigo 10.3 da lei , nas normas de convivencia deberán concretarse os dereitos e deberes do alumnado que se recollen a continuación:

DEREITOS BÁSICOS DO ALUMNADO DE CONVIVENCIA ESCOLAR
A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
A que se respecten a súa identidade , integridade e dignidade persoais.
Á protección integral contra toda agresión física ou moral e, en particular, contra as situacións de acoso escolar.
A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011 do 20 de xuño.
A participar nas normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e , en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
DEBERES BÁSICOS DE CONVIVENCIA
Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias , recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia no centro.
Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

As condutas contrarias as normas de convivencia , clasifícanse en dous tipos, que se resumen do seguinte cadro:

Condutas gravemente prexudiciais	Condutas leves
a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.	a) As condutas tipificadas como agresión, injuria ou ofensa na liña a), os actos de discriminación da liña b), os actos de indisciplina da liña c), os danos da liña g), os actos inxustificadas da liña h) e as actuacións prexudiciais descritas na liña i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa liña j) do artigo 15 da Lei 4/2011
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.	c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.	d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.	e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.
f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.	
g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás	

<p>instalacións e aos materiais do centro docente, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.</p>	
<p>h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.</p>	
<p>i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.</p>	
<p>j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.</p>	
<p>k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.</p>	
<p>L) O incumprimento das sancións impostas</p>	
<p>As condutas graves prescriben aos catro meses da súa comisión.</p>	<p>As condutas leves prescriben ao mes da súa comisión</p>

3.4. Normas uso aulas TIC e ABALAR

NORMAS DE USO DAS AULAS DE INFORMÁTICA

No IES As Telleiras dispoñemos de tres aulas de informática: unha no edificio A e dúas no edificio B.

Na sala de profesores atópase o libro para a petición de aulas de informática.

- Aquel profesorado que necesite a aula durante todo o curso ou nalgún período de tempo concreto debe comunicalo, ao principio de curso, a Xefatura de Estudos para a organización dos espazos.
- O profesorado que imparte docencia na aula cumprimentará o libro de rexistro que está na da mesa do profesor aínda que non detecte incidencias. Se as houbera deberá reflectir as detectadas inicialmente (incluída a do estado de limpeza) e as acaecidas durante a clase.
- Coidaremos que a aula teña luz e ventilación axeitada.
- Asignar postos fixos de computador para cada alumno e, a poder ser, sempre os mesmos e coñecidos polo profesor que reserva a aula.
- Non se permitirá a manipulación de conexións nin o movemento de monitores e das caixas dos computadores.
- Ao rematar a clase, coidaremos de apagar os computadores, primeiro o sistema operativo e despois o monitor. Deixaremos os ratos sobre os teclados, comprobando o estado xeral dos equipos antes de abandonar a aula.
- Todos vixiaremos e controlaremos o bo uso da aula incluíndo a súa limpeza.
- O profesorado non permitirá o cambio de escritorios (personalizacións) resolución pantallas, etc...
- Calquera tipo de instalación de programas consultarase co/coa responsable da aula.

NORMAS DE USO DAS AULAS ABALAR

- Os computadores do alumnado están identificados co nome de cada alumno e o seu correspondente número de lista.
- O computador de cada alumna/o é de uso exclusivo non permitindo que ningún outro alumno/a o utilice, agás nas situacións en que o profesorado considere oportunas e con consentimento expreso deste.
- A chave do armario de computadores atópase no primeiro caixón da mesa e o profesorado debe verificar que queda alí despois do seu uso.
- O reparto e recollida de computadores farase en orde non permitindo o amoreamento de computadores nin enriba do armario nin nas mesas.
- Rematado o uso os computadores deben quedar gardados no seu lugar. Poderán quedar nas mesas entre clase e clase se o profesorado chega a acordos a este respecto.
- O profesorado de calquera materia pode usar os computadores Abalar na súa clase, sempre que respecte a normas.
- As incidencias deberán escribirse no libro de incidencias TIC situado na sala de profesores.

4.- ACTIVIDADES

4.1. Análise da situación previa do alumnado dos centros adscritos.

Antes de rematar o curso escolar, tratarase de recoller toda a información posible do alumnado que se vai incorporar ó centro procedente dos centros de primaria adscritos ao IES As Telleiras. Para iso faranse xuntanzas cos respectivos orientadores dos centros, Xefatura de Estudos e Dirección, nas que se tratarán os posibles problemas de convivencia que hai nos grupos alí formados, buscaranse as pautas que permitan unha formación duns grupos de 1º de ESO equilibrados co obxecto de previr conflitividade e condutas disruptivas.

4.2. Elaboración de novo material na Xunta de Titores/as.

Continuando co labor destes últimos anos a Xunta de Titores/as elaborará material para traballar, fundamentalmente na titoría presencial, co obxectivo de mellorar a convivencia no centro.

4.3. Actualización, análise e propostas de actuación ante a problemática do centro.

Recóllense como pautas de comportamento máis salientables a solucionar as seguintes:

1. Falta de puntualidade.
2. Non seguir as normas de actuación conxunta.
3. Lixo no patio e nos corredores.
4. Falta de coidado cara ó mobiliario e ás instalacións.
5. Comportamento entre clase e clase e control nos tempos de lecer.
6. Comportamentos de tipo disruptivo continuado (falar continuamente e non gardar a quenda, non solicitar quenda de palabra, falta de consideración das intervencións dos/das compañeiros, facer ruídos mentres a/o profesora/o explica, levantarse sen permiso, comer na clase, tardar en coller o material, non traer o material axeitado para as diferentes áreas, insultos, falar cun ton irrespectuoso e airado,)
7. Uso de móbiles.
8. Falta de respecto entre membros da comunidade educativa.
9. Desprazamentos incorrectos polos corredores do centro.
10. Falta de sensibilización co volume de voz empregado tanto nas aulas como nos corredores.

Tomaranse as seguintes medidas:

1. Campaña de sensibilización do alumnado e profesorado para conseguir maior respecto polo entorno do IES (patios exteriores) e o propio centro (recibidores). Preténdese erradicar o hábito de tirar lixo ao chan.
2. Protocolo de actuación fronte aos conflitos na aula.
3. Incremento de vixilancia.
4. Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar.

4.3.1. Campaña de sensibilización.

O profesorado de todos os niveis educativos colaborará solicitando ao alumnado a recollida de lixo no entorno inmediato nas aulas e se se observa a caída involuntaria ou tirada voluntaria de lixo nos corredores pedirá ao alumnado a súa inmediata recollida. A través dos/das titores/as, durante as sesións de titoría se tratará o tema da limpeza da aula e o respecto polo entorno do centro. Pódense facer carteis, cuadrillas voluntarias de limpeza, concursos fotográficos e entrega de premios á aula máis limpa e mellor coidada, etc. Sempre coa idea de concienciar ao alumnado sobre a limpeza do espazo no que vivimos día a día ao longo do curso.

Toda a comunidade educativa colaborará para que o volume de ruído e berros diminúa nas instalacións do centro. A través dos/as titores/as, durante as sesións de titoría, tratarase o tema dos distintos rexistros de volume de voz segundo a actividade que se estea a desenvolver. Da mesma maneira, o profesorado que imparta materias que obriguen ao desprazamento do alumnado polos corredores axudará a tomar conciencia ao alumnado do problema que pode supoñer ignorar o entorno que nos rodea.

4.3.2. Protocolo de actuación fronte aos conflitos na aula.

Proponse a seguinte actuación fronte aos conflitos que xurdan na aula:

1.- No caso de que sexa o primeiro incidente cun alumno ou unha alumna e que dito **incidente non impida o desenvolvemento da clase** se realizarán as seguintes accións:

- O profesor ou profesora tomará nota do incidente na folla de seguimento que se atopa na parte de atrás do parte de faltas. (FOLLA DE SEGUIMENTO ACTITUDINAL).
- O profesor ou profesora realizará algunha acción para que cambie o comportamento do alumno/a (entrevista co alumno ou alumna, coa súa familia...) e a anotará no seu caderno.
- O titor ou titora revisará con frecuencia a folla de seguimento e unha vez analizada decidirá, de acordo co profesorado implicado, se corresponde tomar medidas individuais (falar co alumno/a e os seus pais, cambio de sitio,...) ou colectivas (reorganización da aula, tratar o tema cun profesor en concreto ou convocar unha reunión con todo ou parte do profesorado,...).

2.- Se o comportamento do alumno ou da alumna non mellora pero segue **sen impedir o desenvolvemento da clase** se realizarán as seguintes accións:

- O profesor ou profesora llo comunicará ao titor ou titora do grupo quen deberá tomar, de acordo co profesorado implicado, algunha medida que anotará no caderno do titor/a.

- O titor ou titora deixará transcorrer un prazo de tempo razoable para asegurarse de que a medida tomada foi efectiva. De non ser así e de acordo co profesorado implicado llo comunicará á Xefatura de Estudos informando por escrito de todas as medidas tomadas ata o momento e facendo unha proposta de actuación.

3.- Se o comportamento do alumno ou alumna **impide o desenvolvemento da clase**, enviarase á Xefatura de Estudos, seguindo os pasos descritos nas NOF do centro. O/a profesor/a implicado cubrirá, na 1ª hora libre despois da incidencia, o informe de incidencias correspondente, comunicarllo ao titor/a do grupo e chamará aos pais do alumno/a para comunicar a incidencia.

4.3.3. Incremento de vixilancia.

Durante os tempos de lecer as aulas quedarán baleiras. Para conseguilo coa máxima rapidez solicítase a colaboración do profesorado.

Nos tempos de lecer haberá profesorado de garda encargado da vixilancia do alumnado.

4.3.4. Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar.

Na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase por primeira vez no plano legislativo o tratamento de situacións de acoso. No artigo 30, dispónse que cada centro docente incluíra un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar no seu plan de convivencia.

En xuño de 2013, a Dirección Xeral de educación dita **instrucións** pola que traslada aos centros docentes non universitarios o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso. Todos os anexos que se relacionan poden ser obtidos no portal da Consellería de Educación.

En outubro de 2015, publícase unha nova actualización deste protocolo.

FASES DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación

- a) Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (anexo 1 protocolo xeral).
- b) Medidas urxentes de protección á presunta vítima.
- c) Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presente vítima (anexo 2 do protocolo xeral).

- d) Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexo 3).
- e) Primeira comunicación ás familias da/s persoa/s presunta/s agresora/s (anexo 4).
- f) Nomeamento dunha persoa responsable das averiguacións previas (anexo 5).
- g) Comunicación a outros profesionais educativos e /ou outros axentes externos (anexo 6).

Segunda fase. Recollida de información. REXISTRO

- a) Recollida inicial de información (anexo 7).
- b) Entrevista coa presunta vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista (anexo 8).
- c) Entrevista coas persoas presuntamente acosadoras (anexo 9).
- d) Entrevista coas persoas observadoras/ espectadoras (anexo 10).
- e) Entrevista á familia da presunta vítima (anexo 11)
- f) Entrevista á familia da/s posible/s persoa/s acosadora/s (anexo 12)
- g) Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo 13)
- f) Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico a outros organismos (anexo 14).

Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas

- a) Análise da información (anexo 15)
- b) Proposta de medidas que hai que adoptar. (anexo 16)
 - 1. Medidas de protección á presunta vítima.
 - 3. Outras medidas.

Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. (anexo 16)

4.4. Elección e formación de Delegados e Delegadas

Para dinamizar a Xunta de Delegados e Delegadas, a Xunta de Titores/as preparará a sesión de elección de delegados/as e a dirección e o departamento de orientación deseñará actividades de formación para delegados e delegadas co obxecto de:

Prestixiar o cargo de delegado/a.

Formar aos delegados/as (Dinámicas de traballo)

Informar do proxecto do IES (Plans de mellora, biblioteca, calidade..)

Informar do funcionamento do IES (Organización, orzamentos...)

Coas actividades deseñadas para o proceso de elección de delegadas e delegados preténdese que o alumnado elixa dunha forma responsable aos seus representantes. Farase fincapé, de forma especial, nas calidades positivas que debe reunir un delegado ou unha delegada: responsabilidade, capacidade de empatía, carácter dialogante e certas aptitudes para a mediación.

4.5. Mediación

Darase a coñecer no centro o proceso de mediación de conflitos entre iguais.

4.5.1. Obxectivos xerais:

- Potenciar a sensibilización e a implicación dos titores e das titoras así como do alumnado de ESO na mellora da convivencia no Centro.
- Proporcionar ós/ás titores/as recursos para a xestión de conflitos entre alumnos/as, de forma pacífica.
- Conseguir unha formación inicial do alumnado e dos/as titores/as de nova incorporación sobre mediación de conflitos en centros educativos.
- Formar un equipo de mediadores/as no Centro para a aplicación da mediación como técnica de resolución de conflitos entre alumnos/as.
- Realización das mediacións demandadas polos alumnos e alumnas.
- Elaboración de documentos para deixar constancia das mediacións e para a difusión da técnica da mediación no Centro.

4.5.2. Contidos básicos:

- A mediación, en que consiste?
- Que obxectivos ten?
- Que estratexias usa o/a mediador/a?
- A práctica da mediación.

ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN DE MEDIADORES/AS

ACTIVIDADES	C.F Titores/as	C.F.I. Alumnos/as 1º ESO	C.F. Alumnos/as Mediadores/as	Mediación entre alumnos
Obxectivo	. Contar coa técnica da mediación para a resolución de conflitos entre alumnos/as.	. Coñecer a técnica da mediación para solucionar os seus conflitos con iguais.	. Aprender a ser mediadores/as.	. Elixir a técnica da mediación para a solución de conflitos entre compañeiros/as.
Contidos	<p>Introdución: Que é mediación?</p> <p>.Técnicas de resolución de conflitos.</p> <p>. A mediación como técnica de resolución de conflitos.</p> <p>. Casos susceptibles de mediación.</p> <p>. Práctica da mediación entre alumnos/as.</p>	<p>Introdución:</p> <p>Visionado dun caso práctico de mediación entre compañeiros.</p> <p>. Reflexións en común e conclusións.</p> <p>. Fases, habilidades e posibilidades de mediación entre iguais.</p> <p>. Presentación de voluntarios en cada curso de ESO para realizar o curso de mediadores/as.</p>	<p>Mediación: Que? Para que? Como? Onde? Cando?...</p> <p>. Habilidades de mediación: Escucha activa, diálogo, asertividade,...</p> <p>. Fases da mediación.</p> <p>. Estudo de casos prácticos.</p> <p>. Simulación de mediacións.</p> <p>. Erros dos/as mediadores/as.</p> <p>. Documentos para a mediación.</p> <p>. Síntese.</p>	<p>. Realización de mediacións solicitadas por alumnos/as do centro.</p> <p>. Cumprimentación de documentos.</p> <p>. Seguimento e avaliación.</p>
Material	. Caderniño de formación.	. Vídeo sobre mediación.	. Vídeo. . Caderniño de	. Documentos de mediación.

	. Vídeo sobre mediación.	.Fichas de traballo en equipo para cada curso.	formación de alumnos/as mediadores/as.	
Participantes	.Titores/as incorporados/as por primeira vez ás titorías.	. Alumnado de 1º de ESO.	. Alumnado voluntario de ESO.	. Mediadores/as elixidos/as polos mediados/as.
Temporalización	1º trimestre do curso.	. Outubro.	. 1º trimestre do curso.	. Curso.
Avaliación	A realizar polos titores/as. Enquisa de satisfacción.	. A realizar polos /as alumnos/as de 1º ESO.	. A realizar polos/as alumnos/as mediadores/as. Enquisa de satisfacción.	. A realizar polos/as alumnos/as mediados/as.

4.5.3. Actividades:

- 1ª Fase: Curso de formación de titores/as de nova incorporación sobre mediación de conflitos en centros educativos.
- 2ª Fase: Curso de formación inicial do alumnado de 1º de ESO sobre mediación de conflitos entre alumnos.
- 3ª Fase: Curso de formación de mediadores/as voluntarios/as .

4.5.4. Metodoloxía e recursos:

A metodoloxía é participativa, a través de:

- Xogos e dinámicas cooperativas para crear un ambiente relaxado que permita a participación de todos os membros do grupo.
- escoita activa e diálogo intergrupala.
- Traballo en grupos (de 9 alumnos aproximadamente), que favoreza a reflexión persoal e colectiva.
- Utilización de habilidades de análise e de síntese.
- Estudo de casos e xogos de roles.
- Uso de vídeo sobre resolución de conflitos, caderno individual e fichas de traballo.
- Bibliografía sobre Mediación e Cadernos de Formación.



5.- NOF

No curso 2011-2012 adaptouse o RRI á Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, pasando a denominarse NOF (Normas de Organización e Funcionamento). O NOF foi aprobado en sesión ordinaria do Consello Escolar, o 22 de marzo de 2012. No curso 2017-18 fíxose unha nova revisión deste documento.

6.- CONTROL E PREVENCIÓN DE PROBLEMAS DE CONVIVENCIA (PR750105)

O centro forma parte do programa de innovación educativa “Rede galega de centros de calidade” co obxectivo de implantar a normativa ISO 9001:2000 para a xestión da calidade. Neste marco elaborouse un procedemento específico para o control e prevención de conflitos partindo da documentación que xa tiñamos e adaptándoa ao modelo de xestión da calidade elixido por dita rede, mellorando a organización da documentación e reelaborando parte dela. O **PR750105** que se atopa na documentación do sistema de calidade, recolle o procedemento que as regula.

7.- ACOLLIDA

7.1. Acollida do alumnado (PR750102)

No IES As Telleiras hai varios tipos de acollida do alumnado:

- No último trimestre do curso recíbese ao alumnado dos centros adscritos de primaria, para que teñan unha primeira toma de contacto co instituto. Recíbeos a Dirección, a xefa do Departamento de Orientación e algúns/as alumnos/as de 1º da ESO, que lles contarán a súa experiencia de adaptación ao centro.
- Para o alumnado de nova incorporación, días antes do comezo do curso, no mes de setembro, ten lugar unha xuntanza de pais/nais, nenos/as, Dirección e titores que está pensada para que o alumnado que chega por primeira vez ao centro poida coñecer ao seu titor ou titora, saber onde se atopa a súa aula, os laboratorios, a biblioteca etc... antes do inicio do curso. Tamén se recibe ao alumnado de cursos superiores, que serán informados pola Dirección e persoal do Departamento de Orientación.
- Sesión de presentación, realizada polos titores e as titoras o primeiro día de curso que, no caso da ESO, está preparada pola Xunta de Titores/as.

7.2. Acollida das familias.

Cando chegan as datas de matrícula a Dirección e o Departamento de Orientación do IES As Telleiras visita os centros adscritos para informar ás familias da oferta do centro.

Con posterioridade e, unha vez realizada a avaliación inicial, ten lugar a primeira acollida a todas as familias do alumnado da ESO e de 1º e 2º de Bacharelato. Nesta primeira reunión, preparada pola Xunta de Titores/as, darase información completa do funcionamento do centro e, de forma máis concreta, das datas aproximadas das avaliacións e das presentacións de materia.

7.3. Acollida do profesorado (PR6202).

O profesorado de nova incorporación así como o profesorado substituto que poida vir ao longo do curso será acollido segundo se recolle no **PR6202** que se atopa na documentación do sistema de calidade. Ademais ao comezo do curso teranse unha xuntanza co profesorado de nova incorporación para informar do sistema de xestión de calidade implantado no IES As Telleiras, da xestión da convivencia e doutras cuestións de interese para o profesorado novo.

8.- MEDIDAS CORRECTIVAS

Na **LEI 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no artigo 19, punto 3 e no **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro que a desenvolve, no artigo 25, recóllese a posibilidade de crear un aula de convivencia inclusiva para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. A vocación deste aula é substituír o tempo de expulsión do alumno con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumno a súa propia aula no menor tempo posible.

En adición á anterior poderán aplicarse as medidas correctivas recollidas nos artigos 21 e 22 da Lei 4/2011 do 30 de xuño seguindo os procedementos descritos na referida Lei e na LOE e nos artigos 39 e 43 do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o

alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

IMPORTANTE: Aquelas condutas que **atenen contra a dignidade persoal** doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha **discriminación ou acoso baseado** no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán **asociadas como medidas correctoras** as establecidas nas **liñas e) ou f)** do apartado primeiro deste artigo.

CAMBIO DE CENTRO.- Medida correctora de **CARÁCTER EXCEPCIONAL**

- Esta medida correctora non poderá propoñerse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.
- A proposta de cambio de centro poderá supoñer o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.
- Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da Dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a Dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos apartados precedentes deste artigo, e logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, achegándolle o expediente do devandito procedemento corrector.

A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, no seu caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a Dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras

As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo de tramitación dun procedemento corrector, que poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento a seguir en cada caso, logo da recollida da necesario información. O procedemento conciliado NON procederá cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

O procedemento a seguir en ambos os dous casos reflíctese nos artigos 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53 e 54 do Decreto 8/2015. A documentación que se precisa para a tramitación do proceso corrector correspóndese cos documentos que se relacionan ao final.

Artigo 22. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

- a) Amoestación privada ou por escrito (*Profesor/a, titor/a, Xefe/a de estudos*).
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos (*Profesor/a, titor/a*).
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo (*Profesor/a, titor/a, Xefe/a de estudos*).
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro (*Titor/a, Xefe/a de estudos*).
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas (*Xefe/a de estudos*).
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana (*Xefe/a de estudos*).
- g) *Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos*. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo (*Director/a*).
- h) *Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos*. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo (*Director/a*).

Solicitud de revisión e execución de medidas

- O/As alumnos/as ás/aos que se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas liñas g) e h) , ou de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, poderán mostrar o seu desacordo coa aplicación destas, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á Dirección do centro, que logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

A resolución que impoña algunha das medidas correctoras pon fin á vía administrativa, e será inmediatamente executiva

Prescripción das medidas correctivas

- As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais prescriben ao ano, mentres que as previstas para as condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Os modelos normalizados para a tramitación dos procedementos correctores conciliado e común atópanse no portal educativo da Consellería de Educación no apartado "Educonvives".

9.- AULA DE CONVIVENCIA

- No centro contamos cunha aula de convivencia, que se atopa na pranta baixa do aulario de ESO.
- Á aula de convivencia asisten exclusivamente os/as alumnos/as que, como consecuencia da imposición dunha corrección ou medida disciplinaria, se vexan privados/as do seu dereito a participar no normal desenvolvemento das actividades lectivas.
- A aula funciona durante todo o horario lectivo e, sempre que sexa posible, será atendida polo profesorado de garda.
- É un lugar de reflexión e de realización das actividades propostas polo profesor/a que deriva ao alumnado a dita aula.
- Cando a asistencia á aula se prolongue un ou máis dun período lectivo, por ser resultado dunha sanción, Xefatura de Estudos debe comunicar este feito aos pais ou titores legais do/da alumno/a (anexo I).

9.1. OBXECTIVOS DA AULA

1. Mellorar o clima de convivencia do centro en todos os espazos escolares (aulas, corredores, patio...)
2. Crear novos espazos para aprender a reflexionar e resolver os conflitos de xeito pacífico, dialogado e transformador.
3. Mellorar a conduta do/da alumno/a en cuestión.
4. Potenciar as relacións interpersoais de cada participante co seu entorno social.

PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES PARA FAVORECER UN PROCESO DE REFLEXIÓN NO ALUMNO/A

- Os Departamentos Didácticos proporán actividades para o aula de convivencia por cursos.
- O Departamento de Orientación deixará na aula de convivencia actividades relacionadas con habilidades sociais, de escoita, autocontrol...

9.2. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN

Cando se derive un/unha alumno /a á Aula de Convivencia deberase:

A)

- Encargarlle facer o traballo da materia que se estea a realizar nese momento na aula.
- **Excepcionalmente** poderá derivar ao alumno/a sen tarefas (por exemplo un profesor de garda). Nese caso, o/a profesor/a da aula de convivencia encargarlle ao alumno/a tarefas das programadas polo Departamento correspondente.

B)

- Cando un/unha alumno/a, como consecuencia da aplicación dunha medida correctiva, vaia estar na aula un día ou máis, o/a Xefe/a de Estudos comunicarllo mediante correo electrónico a todo o Claustro. No libro de gardas anotarase o nome do/da alumno/a que está na aula de convivencia para que o profesorado de garda saiba dun xeito sinxelo que hai un/unha rapaz/a na aula e debe ser atendido/a. Tamén llo comunicará por escrito ao orientador/a cubrindo a ficha de envío á aula de convivencia.
- O profesorado que lle imparte clases, proporcionará a Xefatura de Estudos os traballos que vai ter que facer neses días.
- O/a alumno/a non coincidirá co resto do alumnado nos tempos de lecer, polo que fará un descanso 20 minutos antes. Mentres dure o tempo de lecer, permanecerá nas inmediacións do despacho de Dirección do centro.

O/a orientador/a na aula de convivencia deberá:

- Intentar que reflexione o alumno/a sobre o motivo .
- Explicar o/a alumno/a a ficha de reflexión e axudarlle a cumprimentala.
- Desenvolver algunha das actividades relacionadas coa convivencia .
- Cubrir a parte reservada ao Departamento de Orientación no diario da aula de convivencia.

O profesorado de garda na aula de convivencia deberá:

- Supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.
- Cubrir, na hora correspondente, o diario da aula de convivencia no que consta o traballo feito polo/a alumno/a e a súa actitude.

O/a alumno/a enviado a aula de convivencia deberá:

- Cumprimentar a ficha de reflexión (anexo II) e o compromiso I (anexo III), axudado pola persoa responsable do departamento de orientación.
- Realizará as tarefas encargadas polos/as profesores/as.
- No caso de que o/a alumno/a sexa derivado/a á aula de convivencia por segunda vez terá que cumprimentar a ficha de reflexión II (Anexo IV)

A día de hoxe, a aula non dispón de todo o material didáctico que sería desexable. A dirección do centro é consciente disto e por iso, un dos obxectivos reflectidos no seu plan estratéxico, é mellorar os materiais cos que conta a aula para un mellor funcionamento. Tratarase de dar un impulso a esta cuestión no presente curso.

10.- ADMISIÓN

No decreto 254/2012 , do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado, no artigo 9, punto i, indícase que, por criterios complementarios o centro pode valorar con un punto. Na sesión de Consello Escolar do 4 de abril de 2013 decidiuse, por unanimidade, non conceder este punto adicional para a baremación no proceso de admisión.

11.- DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Difusión:

O presente documento estará a disposición de toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro. Tamén se dará a coñecer aos distintos sectores da comunidade educativa a través dos seus representantes nos órganos colexiados de goberno e das reunións pertinentes de ditos órganos.

Seguimento:

Será Xefatura de Estudos quen elabore informes trimestrais de convivencia, recollendo o número de amoestacións rexistradas, motivos que as orixinan e medidas correctivas tomadas. Tales informes serán levados ao Claustro para coñecemento do profesorado, e tamén será informada a Comisión de Convivencia.

Avaliación:

A avaliación do Plan de Convivencia deberá facerse ao final de cada curso pola Comisión de Convivencia, formando parte da memoria anual do centro.



 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

Revisión:

Ao inicio de cada curso escolar, nos dous primeiros meses, procederá revisar o Plan de Convivencia baseándose na análise dos informes realizados o ano anterior, para incorporar se é o caso, propostas de mellora.



 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

12.- DOCUMENTOS



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
 15570 Narón (A Coruña)
 Tfno. 881 93 03 50
 ies.telleiras@edu.xunta.es
 www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

D/Dna:
 Rúa:

Datos do alumno/a	
Nome	
Apelidos	
Curso/Grupo	

IES AS TELLEIRAS
NARÓN

SAÍDA
 Nº ____ Data ____ / ____ / ____

Medida adoptada

Legislación aplicable: Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG nº136 do 15 de xullo). Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade. Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

Asdo.

O/A DIRECTOR/A

Narón, a de de 20



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
 15570 Narón (A Coruña)
 Tfno. 881 93 03 50
 ies.telleiras@edu.xunta.es
 www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

FICHA DE ENVÍO Á AULA DE CONVIVENCIA

DATOS DO/A ALUMNO/A

Apelidos:	Nome:	Grupo:
-----------	-------	--------

DATAS PERMANENCIA NA AULA

MES	DIA/AS

MOTIVOS POLOS QUE O ENVÍA

ANEXO II

REFLEXIÓN PARA O/A ALUMNO/A

**PARA O/A ALUMNO/A QUE ACUDE POR 1ª VEZ A AULA DE CONVIVENCIA OU POR 2ª
PERO POR MOTIVO DISTINTO Á 1ª**

Apelidos e Nome:
Curso e Grupo:

Por favor, contesta con atención ás seguintes preguntas:

- Que pasou e cal foi a túa reacción?
- Que conseguiches con ese comportamento?

Que consecuencias ten a miña actuación

Para os meus profesores?

Para os meus compañeiros e compañeiras?

Para mi mesmo?

- Como te sentes?
- Como cres que se pode sentir o teu profesor/a e os teus compañeiros e compañeiras?
- Que podes facer para resolver este problema?
 - A partir de agora , cal cres que pode ser a maneira máis intelixente de actuar?

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

COMPROMISO I

Eu,

Para mellorar a miña actuación persoal comprométome a:

Alumno/a:

Orientador/a Profesor/a responsable da
Aula de Convivencia:



ANEXO IV

**REFLEXIÓN PARA O/A ALUMNO/A QUE ACUDE POR 2ª VEZ Á AULA DE CONVIVENCIA
OU POR 2ª VEZ POR MOTIVOS DISTINTOS Á 1ª**

Apelidos e Nome:
Curso e Grupo:

Unha vez que analizaches a ficha que cumprimentastes a última vez contesta con atención ás seguintes preguntas:

Escribe o teu compromiso da ficha I:

De todas as propostas que te fixeches

Que saíu mal?

Por que pensas que foi así?

Que podes facer para que as cousas saian mellor?

NOVO COMPROMISO

Para mellorar a miña actuación persoal comprométome a:

Data:

Sinatura do alumno/a: